

RESOLUCIÓN

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA DATA DA SEGUNDA PROBA DO PROCESO DE SELECCION DUN FUNCIONARIO INTERINO COA CATEGORÍA DE ADMINISTRATIVO.

EXPEDIENTE: 2021/G003/000487

Exp. Orixe: 2021/E001/000014

Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do Concello de Curtis, (A Coruña),

ANTECEDENTES

Mediante resolución da alcaldía núm. 454/2021 de data 13/07/21 aprobouse a listaxe definitiva de admitidos no proceso de selección dun funcionario interino coa categoría de administrativo, o nomeamento do tribunal cualificador, lugar e data de celebración das probas, fixando o primeiro exercicio para o día 28/07/21 ás 12:45 e o segundo exercicio para o día 05/08/21 ás 12:45 horas.

Tras a celebración da primeira proba o pasado día 28/07/21, tívose coñecemento dun positivo en COVID-19 por parte dun dos aspirantes.

Unha vez comunicada a devandita situación, co fin de dar cumprimento estrito coas medidas sanitarias existentes segundo a lexislación vixente, e en aras de garantir o dereito á realización da segunda proba dos aspirantes, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente,
RESOLVO:

PRIMEIRO.- Pospoñer a data de celebración da segunda proba do proceso de selección dun funcionario interino coa categoría de administrativo para o día 17/08/21 ás 10:30 horas nas oficinas municipais sitas en Curtis (Praza Emilia Pardo Bazán s/n).

En aras de garantir a seguridade do procedemento, ínstase aos aspirantes convocados para a realización da segunda proba que comuniquen calquera excepcionalidade que poida poñer en risco a celebración da devandita proba.

SEGUNDO.- Dar publicidade á presente resolución mediante anuncio no taboleiro de anuncios municipal, taboleiro electrónico, na páxina web (www.curtis.gal) e no Boletín Oficial da Provincia.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O Alcalde

Javier Francisco Caínzos Vázquez

Dou fe, a Secretaria-interventora

Rosa María Buján Ordóñez